

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 1 de xuño de 2005 pola que se declaran aptos na fase de prácticas os aspirantes que superaron os procedementos selectivos para acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional convocados polas ordes do 28 de febreiro de 2003 e do 16 de marzo de 2004.

Por ordes do 1 de setembro de 2004 (DOG do 14 de setembro) e do 16 de setembro de 2004 (DOG do 13 de outubro) nomeáronse funcionarios en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional os opositores que superaron os procedementos selectivos convocados por Orde do 28 de febreiro do 2003, que tiveron aprazamento da fase de prácticas e por Orde do 16 de marzo de 2004, publicados nos anexos II, III, IV e V da Orde do 30 de xullo de 2004 (DOG do 23 de xullo) e na Orde do 15 de setembro de 2004 (DOG do 13 de outubro), coas excepcións dos opositores relacionados nos puntos primeiro e terceiro da Orde do 1 de setembro de 2004 por ter concedido aprazamento da fase de prácticas.

Rematada a fase de prácticas e vistas as propostas efectuadas polas comisións avaliadoras,

Esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente nos procedementos selectivos convocados por Orde do 28 de febreiro de 2003, corpo de profesores de música e artes escénicas, os opositores seguintes:

* Blanca María Vázquez Hermida, DNI: 76928418, disciplina piano.

* Raúl Santos Álvarez, DNI: 36165163, disciplina piano.

* Javier Simo Echarte, DNI: 18973938, disciplina trompeta.

Segundo.-Declarar non apto na fase de prácticas a Andrés Martínez Gea, DNI: 39458192, do corpo de profesores de ensino secundario, disciplina francés.

Tercero.-Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente nos procedementos selectivos convocados por Orde do 16 de marzo de 2004 os opositores relacionados nos anexos II, III, IV e V da Orde do 30 de xullo de 2004 (DOG do 23 de xullo) e na Orde do 15 de setembro de 2004 (DOG do 13 de outubro), coas excepcións dos opositores seguintes por ter concedido aprazamento da fase de prácticas durante o curso 2004-05:

* Almudena Vidal Varela, DNI: 76570107W, disciplina música.

* Miguel Louzao Outeiro, DNI: 33288640G disciplina lingua e literatura galega.

* Teresa Moralejo Gárate, DNI: 33297674E, disciplina inglés da EOI.

* Manuel Amable Romero Pérez, DNI: 32660837D, disciplina debuxo.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Resolución do 3 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia, dos funcionarios do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais.

De conformidade co establecido no artigo 12 do regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das bases que rexen o proceso selectivo convocado pola orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 22 de marzo de 2005, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 62, do 1 de abril, esta secretaría xeral,

RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a promoción interna á escala de axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia, dos funcionarios do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais.

As listas de aspirantes admitidos estarán expostas nos taboleiros de anuncios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nos das súas delegacións provinciais, no servizo de información do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia, na Consellería de Medio Ambiente e nas súas delegacións provinciais e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).